



# CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN "AS BURGAS, PARA O TRATAMENTO E REHABILITACIÓN DO ENFERMO ALCOHÓLICO" PARA O DESENVOLVEMENTO DA ASISTENCIA A PACIENTES CON TRASTORNOS RELACIONADOS CON SUBSTANCIAS E TRASTORNOS ADICTIVOS

## MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde asinou o 04.03.2025 coa Asociación asociación "*As Burgas para o tratamento e rehabilitación do enfermo alcohólico*" o convenio arriba referido. O prazo de vixencia deste convenio será dende o día seguinte ao da súa sinatura até o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o desenvolvemento, por parte da Asociación "*As Burgas para o tratamento e rehabilitación do enfermo alcohólico*", de programas de intervención de asistencia sanitaria especializada e a atención desde un enfoque biopsicosocial a persoas con trastornos relacionados co alcohol, tabaco, xogo e outros trastornos adictivos, atendendo á planificación e criterios, guías e procedementos establecidos polo Servizo Galego de Saúde. No desenvolvemento destes programas, a asociación atenderá toda a demanda que se xere neste período respectando os principios de universalidade, anonimato, voluntariedade e gratuidade.

Asemade desenvolverase un programa destinado á prevención de recaídas de pacientes previamente estabilizados, e o programa Conta Contigo, destinado a persoas exreclusas en proceso de reincorporación social.

A prestación sanitaria axustarase ao disposto pola Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia no tocante á atención especializada e comprenderá, entre outras, as funcións de prescrición e procedementos diagnósticos e terapéuticos, rehabilitación en pacientes con déficit funcional recuperable, a educación para a saúde no seu ámbito de actuación e a realización das prestacións sociosanitarias que correspondan con este nivel de asistencia en coordinación co sistema de servizos sociais.

No desenvolvemento da súa actividade colaborará cos servizos de saúde na atención integral e coordinada destes pacientes especialmente no tocante a patoloxías de elevada comorbilidade como as enfermidades transmisibles e a enfermidade mental.

As persoas usuarias contarán cun programa de tratamento actualizado que atenda as súas circunstancias de saúde e sociais, introducindo aqueles aspectos necesarios para dar respostas aos colectivos de maior vulnerabilidade e atendendo a perspectiva de xénero no desempeño das súas actividades.

Co fin de acadar unha maior concienciación nesta materia por parte da cidadanía e de mellorar a formación dos profesionais implicados no tratamento destes pacientes, o equipo asistencial

colaborará no desenvolvemento e deseño do Plan Anual de Formación previsto no Plan de Trastornos Adictivos da Comunidade Autónoma.

Que o convenio fundaméntase no seguinte:

O Decreto 389/1994, do 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galicia e o Plan de Saúde Mental de Galicia pos COVID19 período 2020-2024 supoñen o marco normativo de desenvolvemento da asistencia en saúde mental en Galicia.

Tal e como se recolle no citado decreto, o desenvolvemento dos dispositivos de saúde mental do Servizo Galego de Saúde precisa complementarse en áreas específicas para dar unha resposta máis completa as ditas necesidades asistenciais e, en concreto, no ámbito da atención aos problemas relacionados co alcol, tabaco, xogo e outras dependencias sen substancia.

De acordo e coa aprobación do Ministerio de Sanidade, a Comunidade Autónoma de Galicia está a desenvolver un proxecto denominado "*Plan Atención aos Trastornos Adictivos de Galicia*" que prevé no seu desenvolvemento articular convenios de colaboración co terceiro sector para diminuír a prevalencia dos trastornos adictivos e favorecer a súa prevención. Dito proxecto enmarcase no denominado "*Plan de Acción de Salud Mental 2022-2024*" do Ministerio de Sanidade, que na Liña 6 (Prevención de condutas adictivas con e sen substancia) ten coma obxectivo xeral diminuír a incidencia das adicións sen sustancia e do alcoholismo na Comunidade Autónoma, implantando programas de prevención de recaídas en alcoholismo e adicións sen substancias no marco do desenvolvemento do novo Plan de Trastornos Adictivos na nosa Comunidade.

Existen asociacións sen ánimo de lucro que están a desenvolver un acreditado traballo de calidade a tódolos niveis (preventivo, asistencial e rehabilitador) , acorde ao catálogo de programas do Plan de Galicia sobre drogas, e cumpren coa normativa específica para realizalo en centros sanitarios autorizados (Orde de 7 de xullo de 1988, sobre autorización de unidades, centros e establecementos sanitario-asistenciais de tratamento das drogodependencias).

A asociación "As Burgas, para o tratamento e rehabilitación do enfermo alcohólico" constituíuse no ano 1992 e, segundo os seus estatutos, ten como finalidade a asistencia sanitaria e social a persoas con trastornos aditivos, especialmente os relacionados co alcol.

Os programas que se desenvolverán ao amparo deste convenio son:

- Programas de tratamento relacionados co alcol, tabaco, ludopatía, compras, etc., incluíndo unha serie de intervencións clínicas que teñen como finalidade a evolución e tratamento dos trastornos psiquiátricos que presentan os pacientes incluídos en ditos programas.
- Avaliación clínica: psicosocial, psiquiátrica e psicolóxica.
- Avaliación neuropsicolóxica (opcional para pacientes cunha cribaxe de dano cerebral positivo).
- Tratamento de desintoxicación.
- Programas psicoeducativos.
- Programas de prevención de recaída.
- Programas de sensibilización.



- Programas para pacientes dependentes de alcohol en lista de espera para transplantes hepáticos e postrasplantados.
- Programas de patoloxía dual.
- Programa de prevención do suicidio para pacientes adictos.
- Programa "*Cuenta Contigo*" para xestión de penas e medidas alternativas

O número estimado de persoas beneficiarias directas para o ano 2025: 2450

No que se refire a concesión das devanditas subvencións, segundo o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, artigo 19.4, apartado a), poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Comunidade Autónoma, sendo os convenios o instrumento habitual para canalizar as mesmas.

Por todo o exposto, formalizouse un convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación "*As Burgas para o tratamento e rehabilitación do enfermo alcohólico*", por un importe de douscentos vinte e cinco mil oitocentos vinte euros (225.820,00 €) consignada nominativamente con cargo á aplicación orzamentaria 5001.413A.481.23, co código de proxecto 2022 00002, dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025. Destes, sete mil euros (7.000, 00 €), corresponden ao programa do Plan Nacional de Drogas, e o resto a fondos propios libres.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago,

